




CANÓN DO MIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2017



Distancia: 285 km (máis camiñadas a pé)

Dificultade: baixa

Duración: variable

Desta volta plantexamos unha ruta moi ampla para gozar de espectaculares paisaxes, unha rica flora e fauna, arte e etnografía.

A ruta pode dar para varios días ou distintas visitas, combinando percorridos en coche, bicicleta ou a pé con camiñadas de longo ou curto percorrido, moitas delas sinaladas polos distintos concellos. Ao longo de todo o espazo hai numerosos puntos de interese e miradoiros, algúns acondicionados, e outros que inclúen roteiros para poder percorrelos, aínda que en moitos outros lugares podemos gozar de fermosas panorámicas.

O Canón do Miño é a zona do río Miño comprendida entre Portomarín e Os Peares, na provincia de Lugo, nos concellos de Carballedo, Chantada, O Saviñao, Pantón, Paradelas, Portomarín e Taboada. Un tramo do río encaixado entre granitos, xistos, cuarcitas, gneis... duns 50 km de lonxitude e ata 400 m de desnivel. Tanto o Miño como os seus afluentes aproveitan as numerosas fallas dun terreo moi antigo que sufríu un proceso de rotura e levantamento no Terciario a partir dunha superficie moi erosionada.

O percorrido do Miño no Canón forma paraxes de grande importancia ecolóxica e paisaxística. Resulta espectacular pola altura das súas ladeiras, pola vexetación diversa que acolle (carballeiras, soutos, ervedeiros, sobreirais...) e polo grande interese etnográfico resultante do traballo de séculos para conseguir gañar terras para o cultivo das vides. A todo isto hai que engadir os numerosos monumentos que forman parte da chamada Ribeira Sacra, coñecida por ese nome desde a Idade Media por ser zona onde abundan as igrexas e mosteiros, todos eles centros de cultivo do viñado.



1-Vista do encoro de Belesar desde a presa



RÍO MIÑO

Nace na serra de Meira e desemboca na Guarda, no Océano Atlántico. A partir de Portomarín encáixase nun fondo val ata a confluencia co Sil nos Peares, seguindo a dirección norte-sur.

Afluentes máis importantes neste tramo:

- Pola dereita: Portos, Zamoelle, Bieitas, Moreda, Enviande, Asma, Fondós e Búbal.
 - Pola esquerda: Lolo, Babelo, Pez, Sardiñeira, Pesqueiras e Marce ou Aguanza.
- Está encorado en Belesar e Os Peares.



CHANTADA-OS PEARES-CHANTADA

Para completar o traxecto de Chantada a Portomarín, e volta, hai que percorrer case 180 km porque as estradas pasan moi lonxe do canón e para achegarse a el temos que facer varias viaxes de ida e volta, ademais o terreo, con numerosos vales fondos e estreitos, oblíganos a facer moitos quilómetros para avanzar moi pouco no percorrido.




3-Xillán, O Piñeirón.
No encoro, case cuberto, Castro Candaz



11-O Castro (A Adegas)



2-Sabadelle



12- Pena Redonda

12-San Facundo de Ribas de Miño



13-Troncedo



14-O Val (O Peteiro)



5-Mourulle (Taboada). Vista desde a ponte.



9-O Seixón



6-Pena Roxa (Sabadelle, Portomarín)



7-Sabadelle



10-Cabo da Vila

CHANTADA-PORTOMARÍN-CHANTADA

O tramo Chantada os Peares e volta é moito máis curto, apenas pasa dos 100 km, porque en grandes tramos a estrada vai case apegada ao río, por dentro do canón ou pola beira.



3-Cabo do Mundo




9-Os Peares



10-Bazal



11-Pesqueiras




- 1-Lincora, Fondo da Vila
- 2- A Sariña, Penas Brancas
- 3-Cabo do Mundo
- 4-Nogueira
- 5-Sernande, A Illa
- 6-Erbedeiro
- 7-Chouzán
- 8-Soutelo (presa Os Peares)
- 9-Os Peares
- 10-Bazal
- 11-Pesqueiras
- 12-Castro de Marce
- 13-A Lagariza, A Maiorga
- 14-Ribeiras do Miño
- 15-A Cova
- 16-Praia da Cova
- 17-Estrada A Cova-Belesar
- 18-Santo Estevo de Ribas de Miño



12-Castro de Marce



14-Ribeiras do Miño



17-Estrada A Cova-Belesar



18-Santo Estevo de Ribas de Miño



4-Nogueira




5-Sernande, A Illa



6-Erbedeiro



7-Chouzán



15-A Cova (vista sobre o Cabo do Mundo)

As paisaxes do Canón cambian coas estacións, coa luz e co nivel das augas. Co encoro en augas baixas podemos aproveitar para coñecer elementos que habitualmente están asolagados: socialcos para o cultivo das vides, restos de construcións, muíños e estruturas para a pesca (caneiros), elementos de interese histórico-artístico (pontes, castros...).



Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao)



Santo Estevo de Atán (Pantón)



Castro Candaz (Chantada) co encoro en augas baixas


San Facundo de Ribas de Miño (Paradela)




Santa María de Nogueira de Miño



Fervenza de Augacáida (Marce, Pantón)



Fervenza do Fondós (Carballedo)



Rego da Lama (Chantada)



Barca en Belesar

